

HISTORIA • 10

Prudencio Vivero Mogo

Bolseiro predoutoral da Xunta de Galiza no
Departamento de Historia Contemporánea e de América.
Universidade de Santiago de Compostela.

**AS PRIMEIRAS ELECCIÓNS DO ESTATUTO REAL
NA PROVINCIA DE LUGO**

CONSELLO EDITOR:

Xoaquín Alvarez Corbacho,
Economía Aplicada. UC;
Manuel Antelo Suárez,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Juan J. Ares Fernández,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Xesús Leopoldo Balboa López,
Historia Contemporánea. USC;
Xosé Manuel Beiras Torrado,
Economía Aplicada. USC;
Joam Carmona Badía,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Luis Castañón Llamas
Economía Aplicada. USC;
Xoaquín Fernández Leiceaga,
Economía Aplicada. USC;
Lourenzo Fernández Prieto,
Historia Contemporánea. USC;
Ignacio García Jurado,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
M^a do Carmo García Negro,
Economía Aplicada. USC;
Xesús Giraldez Rivero,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Wenceslao González Manteiga,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Manuel Jordán Rodríguez,
Economía Aplicada. USC;
Rubén C. Lois González,
Xeografía. USC;
Edelmiro López Iglesias,
Economía Aplicada. USC;
José A. López Taboada,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Alberto Meixide Vecino,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Emilio Pérez Touriño,
Economía Aplicada. USC;
Miguel Pousa Hernández
Economía Aplicada. USC;
Albino Prada Blanco,
Economía Aplicada. UV;

Carlos Ricoy Riego,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
José M^a da Rocha Alvarez,
Fundamentos da Análise Económica. UV;
Xavier Rojo Sánchez,
Economía Aplicada. USC;
José Santos Solla,
Xeografía. USC;
Juan Surís Regueiro,
Economía Aplicada. UV;
Manuel Varela Lafuente,
Economía Aplicada. UV;

COORDENADORES DA EDICIÓN:

- Área de Análise Económica
Juan J. Ares Fernández

- Área de Economía Aplicada
Manuel Jordán Rodríguez

- Área de Historia
Lourenzo Fernández Prieto

- Área de Xeografía
Rubén C. Lois González,

ENTIDADES COLABORADORES

Fundación Caixa Galicia
Consello Económico e Social de Galicia
Fundación Feiraco
Instituto de Estudos Económicos de
Galicia Pedro Barrié de la Maza

Edita: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela
ISSN: 1138 - 2694
D.L.G.: C-1686-97

RESUMO

O réxime do Estatuto Real (1834-1836) foi o primeiro resultado do pacto entre os reformistas do Antigo Réxime o liberalismo moderado, consenso que permitiu asentar en España o Estado liberal. O sistema do Estatuto deseñaba un modelo bicameral, onde unha das Cámaras - o Estamento de Procuradores - sería electa por sufraxio.

Ora ben, a regulamentación electoral do Estatuto Real fixaba un sistema rixidamente censitario, no cal a propiedade era a clave de toda a participación política. Tendo en conta os elevados criterios censitarios esixidos, ¿sería posíbel unha renovación da elite política na provincia de Lugo a respecto da anterior etapa absolutista? Os resultados do estudo das primeiras eleccións do Estatuto Real nesta provincia (xuño do 1834) indican que non. Xa que logo, a representación lucense nas primeiras Cortes do Estatuto Real estivo integrada por importantes propietarios, que ademais pertencían a un grupo social ben definido: a fidalguía. Neste senso, podemos atopar unha clara continuidade coas anteriores elites dominantes; pois, sen dúbida, a fidalguía foi unha das clases sociais máis destacadas do Antigo Réxime en Galiza, exercendo unha *representación natural* da sociedade; representación que agora vai continuar; podemos falar, pois, dunha adaptación da vella elite directora da provincia de Lugo ás novas esixencias do Estado liberal. Porén, esta continuidade proxéctase tamén cara o futuro, pois durante a época do Estatuto Real saltan á vida pública personaxes que terán un claro protagonismo na vida política da provincia de Lugo. Por outra parte, na representación lucense nas primeiras eleccións do Estatuto Real tamén atoparemos a individuos que xa posuían unha bagaxe política anterior, durante os pasados períodos constitucionais.

PALABRAS CHAVE

Liberalismo, Isabel II, Estatuto Real, eleccións, Lugo.

* * *

ABSTRACT

The *Estatuto Real* regime (1834-1836) was the first consequence of the agreement between reformers from Old Regime and the moderate liberalism. The *Estatuto* designed a two chambers system, one of the chambers elected – the *Estamento de Procuradores* – by suffrage.

Never the less, the electoral regulation of *Estatuto Real* marked a very rigid census based system, here property was the key point for political participation. With this on mind, could it be possible to renovate the political elite in Lugo's province that was directly coming from the absolutist period? A negative answer is the result from the study of the first *Estatuto Real*'s elections in this province (june 1834). Indeed, important landowners belonging to a very well defined social group – nobility – were the representatives from Lugo's province in this first Parliament of *Estatuto Real*. In this way, a clear continuation with the previous dominant elites is found. No doubt, nobility was among the most outstanding in the Old Regime in Galicia, exerting a natural representation of the society; this representation is going to continue. In that sense, we are allowed to say that the old elite in Lugo's province adapted to the new requirements of the liberal state. Thus, this continuity is also projected towards the future; during the *Estatuto Real* period, celebrities came out to the general public, celebrities that will also play important rolls in Lugo's political life. On the other hand, it's also possible to find individuals coming from the previous constitutional political period.

KEYWORDS

Liberalism, Isabel II, Estatuto Real, elections, Lugo.

1. INTRODUCCIÓN: O RÉXIME DO ESTATUTO REAL *

O proceso de asentamento en España do Estado liberal é comparábel á historia de Penélope: facer e desfacer. Ao igual que a dona de Ulises, o construído nos días do liberalismo (1810-1814 / 1820-1823) foi derrubado nas noites do absolutismo (1814-1820 / 1823-1833). A debilidade dos elementos liberais en España, que non souberon gañarse coas súas políticas á poboación, máis a forza dos elementos tradicionais, fixeron imposible a tarefa dos liberais por consolidar por si mesmos o novo réxime. Así as cousas, o afianzamento do Estado liberal en España será consecuencia dun proceso de pacto e consenso. Para comprender isto temos que nos referir ás mudanzas que ao longo da coñecida como Década Ominosa (segunda restauración absolutista de Fernando VII, 1823-1833) afectaron tanto ao absolutismo como ao liberalismo. En efecto, unha parte dos defensores do Antigo Réxime vai ir encamiñándose cara posturas reformistas e aperturistas; serían homes partidarios dun programa de reformas administrativas, que contribuirían a anovar o absolutismo. Alonxados de posicións extremistas, defíníanse pola súa moderación e espírito de concordia¹. Pero o liberalismo tampouco permaneceu inmutábel, o exilio permitiu aos liberais reflexionar verbo dos excesos revolucionarios cometidos nas anteriores etapas constitucionais (sobre todo durante o Trienio Liberal, 1820-1823); pero a emigración supuxo para os liberais españois a entrada en contacto co liberalismo europeo, que abandonaba daquela as súas pretensións revolucionarias. Xa que logo, a maioría dos liberais españois comezarán a cuestionar o modelo establecido pola Constitución do 1812, e ideas como a Soberanía Nacional, o sufraxio universal ou o unicameralismo serán abandonadas². As moderacións producidas no absolutismo e no liberalismo levaron a un achegamento de posturas, aproximación que se vai reforzar a partir do 1830, co nacemento da primoxénita de Fernando VII. Despois desta data puidose observar unha clara polarización política: por un lado, os partidarios do absolutismo puro, que patrocinaban ao irmán do rei, don Carlos, como sucesor; por outro lado, os reformistas do absolutismo e os liberais moderados defenderán os

* Este traballo forma parte do proxecto de investigación “El Gobierno de la Provincia” (PB96-0947) financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia e dirixido polo profesor Dr. D. Ramón Villares.

¹ Para diferenciarlos tanto dos apostólicos (absolutistas puros) como dos liberais revolucionarios algúns autores empregan o termo de *terceira vía*: Vid. COMELLAS, José Luis: *Isabel II. Una reina y un reinado*, Barcelona: Ariel, 1999, pp. 17-18.

² VARELA-SUANZES, Joaquín: “El pensamiento constitucional español en el exilio: El abandono del modelo doceañista (1823-1833)”, *Revista de Estudios Políticos* (Nueva Época), n.º 88, abril-xuño, 1995, pp. 63-90.

dereitos da infanta Isabel, como única esperanza de renovación política. A morte de Fernando VII (1833) rematará por sancionar o pacto entre os reformistas do Antigo Réxime e o liberalismo moderado, consenso que permitirá o tránsito pacífico e progresivo cara un réxime liberal e representativo³.

A primeira manifestación dese pacto que permitirá asentar en España unhas institucións liberais será o réxime do Estatuto Real (1834-1836). Tras o pasamento de Fernando VII, a súa viúva, María Cristina de Borbón, declarada Raíña Gobernadora, pretenderá unha continuidade política, mantendo no poder aos partidarios das reformas administrativas; ora ben, axiña se puxo de relevo que o reformismo administrativo non ía acadar por si só o asentamento do trono de Isabel II, polo que a Raíña Gobernadora viuse na obriga de acudir ás reformas políticas, para atraer así ao liberalismo moderado cara a defensa da Monarquía de Isabel II⁴. Deste xeito, en xaneiro do 1834, Francisco Martínez de la Rosa (1767-1862), un dos principais líderes do liberalismo moderado, era chamado ao Goberno. O novo Gabinete vai deseñar un sistema político, moderadamente representativo, que vai permitir a convocatoria de Cortes e, xa que logo, a integración de parte do liberalismo no réxime isabelino. Ese novo sistema será o Estatuto Real, que, malia a súa escasa duración, sentará as bases principais que caracterizarán ao sistema liberal español. O Estatuto Real foi promulgado en abril do 1834, non existindo un acordo unánime verbo do seu carácter. Así, ao Estatuto déuselle certa consideración constitucional, pois durante a súa vixencia consagráronse institucións que se manterían no futuro: o refrendo ministerial, a Presidencia do Consello de Ministros ou o bicameralismo⁵; pola contra, non faltaron os autores que consideraron o Estatuto como unha simple carta outorgada (seguindo o modelo da establecida por Luis XVIII no 1814 en Francia), ou como un texto que soamente procede a unha convocatoria de Cortes⁶. Porén, se nos achegamos á instencionalidade dos homes que inspiraron o Estatuto, podemos afirmar que este posúe un carácter historicista, é dicir, non hai desexo de presentalo como algo que outorga a Coroa, senón

³ FONTANA, Josep: *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833*, Barcelona: Crítica, 1979, pp. 48-49.

⁴ Non obstante, as reformas administrativas tiveron nesta época importantes consecuencias. Así, Javier de Burgos, Ministro de Fomento desde outubro do 1833, instalou definitivamente unha nova división provincial, seguindo os traballos que xa se realizaran neste sentido en épocas pasadas. Burgos colocou á fronte das provincias aos Subdelegados de Fomento, axentes encargados de transmitir á periferia os ideais dunha Administración concebida como fomento da prosperidade.

⁵ TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: "La redacción y publicación del Estatuto Real", *Revista de Estudios Políticos*, n.º 145, xaneiro-febreiro, 1966, pp. 47-78. Do mesmo autor: *Breve historia del constitucionalismo español*, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1981, pp. 39-41.

⁶ CARR, Raimond: *España, 1808-1936*, Barcelona: Ariel, 1970, p. 162.

como unha recreación do pasado, como unha restauración das antigas leis da Monarquía; a exposición do Consello de Ministros á Raíña Gobernadora, xustificando a necesidade do Estatuto Real, así o afirmaba: “A V.M. está reservada la gloria de restaurar nuestras antiguas leyes fundamentales, cuyo desuso ha causado tantos males por el espacio de tres siglos, y cuyo restablecimiento por la augusta mano de V.M. será el mas próspero presagio para el reinado de su excelsa Hija”⁷. O recurso ás institucións históricas españolas era unha solución que se axeitaba plenamente ás novas concepcións do liberalismo doctrinario, predominantes na Europa da época de xestación do Estatuto Real, os liberais doutrinarios recorren á “constitución interior” dos países, é dicir, a aquela constitución non escrita, ás leis propias baseadas na tradición histórica, de aí ese desexo de recuperar as institucións pasadas⁸.

Ese carácter restaurador das antigas leis da Monarquía foi, precisamente, a principal característica resaltada por algunhas autoridades da provincia de Lugo ao coñecer o Estatuto Real. Neste senso, velaquí o comentario que desde as páxinas do *Boletín Provincial* de Lugo se facía do Estatuto: “En él vemos restablecidas y afianzadas de una manera indestructible nuestras antiguas libertades, con las variaciones que exige el actual estado de civilizacion: acallados los clamores de los que impacientes por gozar de las dulzuras de un Gobierno representativo, veian siempre lejano el momento de conseguirlo: y á la nacion española colocada en el rango y lustre á que por tantos títulos la hicieron acreedora sus pasadas glorias”⁹. A través destas palabras podemos comprobar como a natureza do Estatuto Real era claramente restauradora. Así, a idea fundamental era a recuperación das vellas leis da Monarquía española, lexislación que se situaba na Idade Media, ao tempo que se denunciaba a fin das antigas liberdades producida coa chegada da dinastía dos austrias; esas liberdades pasadas son as que agora se queren recuperar adaptándoas á situación política do século XIX. Para facer fincapé no dito reproducimos unhas liñas do edicto que o 8 de xuño do 1834 publicaba o Alcalde Maior de Mondoñedo, Juan Pampillo de Saavedra, con motivo da promulgación

⁷ “Exposición del Consejo de Ministros á S.M. la Reina Gobernadora”, 4-IV-1834. Archivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

⁸ Aínda que neste traballo fagamos fincapé no carácter historicista do Estatuto Real, cualificacións como a de carta outorgada, certa constitucionalidade ou convocatoria de cortes tamén se lle poderían conceder ao Estatuto: JOVER, José María: “Sociedad y Estado en tiempo del Estatuto Real”, *Revista Internacional de Sociología*, núms. 107-108, xullo-décembro, 1969, pp. 45-71. Este autor considera ao Estatuto como unha mestura das cualificacións comentadas.

⁹ *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* (BOPL), 1-VI-1834. A publicación do Estatuto Real na cidade de Lugo tivo lugar o primeiro de xuño do 1834; unha descrición da cerimonia de proclamación en: (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

do Estatuto Real: “Somos ya nacion y Españoles: recobrando los derechos perdidos tres siglos ha, volvemos á la época de Isabel primera; y la SEGUNDA hará la común delicia”¹⁰. Por suposto, agardábase que a restauración das antigas leis traería para España unha nova época de prosperidade e de esplendor.

2. A REGULAMENTACIÓN ELECTORAL DO ESTATUTO REAL

O Estatuto Real prevía unha convocatoria de Cortes que, por vez primeira na Historia de España, serían bicamerais. En efecto, rachando coa tradición doceanista o Estatuto instauraba o bicameralismo en España. O abandono da Cámara única era unha mostra das novas concepcións do liberalismo, unha aposta pola orde e a estabilidade políticas. O Estamento de Próceres ou Cámara Alta estaba formado por dúas clases de membros: por unha parte, os Grandes de España cunha renda de 200.000 réas, pertencían a está Cámara por dereito propio, sendo o seu cargo hereditario; por outra parte, os próceres designados pola Coroa de entre as altas dignidades do Estado que posuíran unha renda de 60.000 réas; o número de próceres era ilimitado e o cargo vitalicio. Pola súa composición esta Cámara sería esencialmente conservadora, garante de calquer intento revolucionario procedente da Cámara popular. O Estamento de Procuradores ou Cámara Baixa era, a diferenza da anterior, electa por sufraxio; para ser elixido procurador esixíase, ademais de ser español e ter trinta anos cumpridos, posuír unha renda propia anual de 12.000 réas, debíase tamén ser natural ou ter intereses na provincia pola que se era elixido¹¹; como se pode apreciar, para ser membro do Estamento popular tamén se esixían uns altos requisitos económicos.

O Estatuto Real tan só describía as Cámaras, determinando a súa composición, mais non establecía ningún sistema electoral¹². En efecto, a principal tarefa do Goberno unha vez publicado o Estatuto foi o plantexamento dun sistema electoral, para poder así realizar os comicios ao Estamento de Procuradores. Ora ben, que o Estatuto Real non

¹⁰ BOPL, 22-VI-1834. Cómpre ter en conta que a admiración pola Idade Media era unha característica propia do romanticismo que daquela se espallaba por Europa: *Vid.* MOSSE, George L.: *La cultura europea del siglo XIX*. Barcelona: Ariel, 1997, pp. 51-52.

¹¹ O Estatuto Real foi publicado no BOPL, 14-V-1834.

¹² Porén, cómpre afirmar que unha primeira versión do Estatuto deseñado polo Consello de Ministros si incluía un sistema electoral, mais tras o paso do proxecto polo Consello de Goberno (institución prevista no testamento de Fernando VII para asesorar á Raíña Gobernadora) a regulamentación electoral foi eliminada pois este segundo Corpo cría que o futuro modelo electoral debería ser fixado polas Cortes: *Vid.* TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político del Estatuto Real (1834-1836)*, Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1968, p. 58. A provisionalidade será a característica que mellor defina as cuestións electorais durante o Estatuto Real.

fixara un modelo electoral non quere dicir que os seus autores non tiveran xa unhas ideas verbo de cal debía ser a filosofía da representación electoral e do sistema a empregar. Así era, na propia exposición dos Ministros á Raíña Gobernadora explicando o Estatuto Real atopábanse importantes pistas do modelo electoral desexado. En primeiro lugar, e como dato importante a reter, a propiedade sería a chave de toda a representación electoral. O Estatuto Real era a manifestación inicial do pacto entre a elite reformista do Antigo Réxime e o liberalismo moderado, clases que consolidarán en España o Estado liberal. O novo réxime representaba, pois, á elite da sociedade, que perseguía un modelo representativo temperado e presidido pola tranquilidade e a orde. Era claro que estas características só se poderían cumprir se se limitaba a representación aos propietarios, ás persoas que tiñan intereses que defender e moito que perder coa alteración da orde. A importancia da propiedade como garante da participación política era posta de relevo na exposición dos Ministros á Raíña Gobernadora: “...en todos los siglos y países se ha considerado á la propiedad, bajo una ú otra forma, como la mejor prenda de buen orden y de sosiego...”¹³. Polo dito até este momento estábanse sentando as bases dun sufraxio censitario, limitado só ás clases podentes da sociedade, en consonancia co espírito do liberalismo doutrinario que se espallaba por Europa. A representación quedaba nas mans dos individuos máis ricos, sobre todo da propiedade territorial, aínda que se abría tamén a porta á riqueza comercial e industrial¹⁴. En segundo lugar, o protagonismo da propiedade plasmábase nun sistema electoral non novidoso. En efecto, a organización electoral do Estatuto basearase no modelo xa existente daquela para a renovación dos Concellos; así o explicaba a exposición dos Ministros: “...en cada pueblo cabeza de partido se forme una Junta electoral, compuesta de todos los individuos del Ayuntamiento, incluso los Síndicos y Diputados, y agregándoseles un número igual de mayores contribuyentes: método que recientemente se ha ensayado con buen éxito para la renovación de concejales”¹⁵. Comprobamos, xa

¹³ “Exposición del Consejo de Ministros...”, Op. Cit. TOMAS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit. Comenta este autor: “...todo el sistema que el Estatuto quiso establecer se cimentaba sobre la propiedad; la nación legal se identificaba con la de los propietarios; y la limitación de derechos políticos a esta clase se presentó formalmente como el expediente más idóneo para la realización práctica de aquel ideal de justo medio que quería conciliar el orden con la libertad”, pp. 129-130.

¹⁴ MARICHAL, Carlos: *La revolución liberal y los primeros partidos políticos en España, 1834-1844*, Madrid: Cátedra, 1980, pp. 87-88. Atrás quedaban os ideais dun sufraxio xeneralizado, anque indirecto, establecidos pola Constitución do 1812.

¹⁵ “Exposición del Consejo de Ministros...”, Op. Cit. ESTRADA SÁNCHEZ, Manuel: “El enfrentamiento entre doceañistas y moderados por la cuestión electoral (1834-1836)”, *Revista de Estudios Políticos* (Nueva Época), n.º 100, abril-xuño, 1998, pp. 241-272. Este autor tamén sinala a clara coincidencia do

que logo, que o modelo electoral do Estatuto procedía da época anterior, establecendo un punto de unión co pasado. Demostración de que no asentamento do liberalismo en España non se vai producir ningunha ruptura radical co anterior.

As características que até aquí describimos vanse concretar no Real Decreto de 20 de maio do 1834 para a elección de procuradores a Cortes. No preámbulo deste Real Decreto viña a se certificar a conexión co pasado: "...se realice la eleccion de los Procuradores del Reino de un modo fácil y expédito, que desviándose lo menos posible de la antigua práctica, descansa sobre una base mas extensa y mas justa..."¹⁶. Combinación de pasado e presente presidirían a norma electoral. O Real Decreto do 20 de maio do 1834 establecía un sistema indirecto de dous graos de elección. En primeiro lugar en todos os Concellos capital de partido xudicial constituiríase unha Xunta electoral de partido, que estaría composta de todos os membros da Corporación e un número igual de maiores contribuíntes do mesmo termo municipal. Esta Xunta electoral de partido escollería dous electores que acudirían á capital provincial a elixir aos procuradores a Cortes. O Real Decreto fixaba para o 20 de xuño do 1834 a reunión das Xuntas electorais de partido. En segundo lugar, a Xunta electoral de provincia, que congregaría a todos os electores dos partidos xudiciais da provincia, que elixirían por maioría absoluta aos procuradores a Cortes, as Xuntas electorais de provincia deberían reunirse o 30 de xuño do 1834¹⁷.

Para ser elector nas Xuntas electorais de provincia era necesario cumprir as seguintes condicións: ser español, ter vintecinco anos cumpridos, levar máis de un ano de residencia no partido polo que se era elector, acreditar que se era propietario de predios rústicos ou urbanos que rentaran 6.000 réas, comerciantes e industriais que tamén posuísen a mesma cantidade de renda; como se pode apreciar seguíase fíncando fíncapé na propiedade para exercer os dereitos políticos; por suposto, os membros do Concello e adxuntos maiores contribuíntes das Xuntas de partido tamén podían ser nomeados electores. Ora ben, tamén se vai permitir adquirir a condición de electores de partido a certas profesións: avogados, escribáns, catedráticos, vocais das Reais Academias de medicina e cirurxía... Este feito supuña a introdución das capacidades no sistema electoral español, agora dun xeito secundario, pero que máis adiante acadarán

sistema electoral do Estatuto Real co modelo que naquel intre funcionaba para a renovación dos concelleiros: *Vid.* nota 21.

¹⁶ BOPL, 4-VI-1834.

¹⁷ ULL PONT, E.: "El sufragio censitario en el derecho electoral español, I", *Revista de Estudios Políticos*, n.º 194, marzo-abril, 1974, pp. 125-169.

grande protagonismo¹⁸. O modelo electoral do Estatuto por ter un sistema de dous graos e fixar requisitos económicos para acceder á elección podemos definilo como un sistema electoral censitario indirecto.

Estas eran, de xeito xeral, as regras que marcarían os primeiros comicios ao Estamento de Procuradores. Tal sistema establecía unha representación moi limitada xa que, por unha parte, as eleccións reduciríanse aos Concellos capital de partido xudicial¹⁹; e, por outra parte, o número de individuos chamados a participar no proceso era moi limitado, en virtude das grandes condicións esixidas. Ora ben, malia reducir a presenza electoral aos Concellos capital de partido xudicial, o Real Decreto do 20 de maio tamén establecía a normativa a desenvolver no caso de que na capital do partido xudicial non houbera Corporación municipal. En efecto, no caso referido o Gobernador Civil da provincia mandaría un comisionado especial, que sería o encargado de formar a Xunta electoral composta de doce persoas, nomeadas de entre os maiores contribuíntes do partido xudicial, os que baixo a presidencia do comisionado, procederían a escoller aos dous electores. Facemos referencia a esta normativa pois na provincia de Lugo foi necesario recorrer a este sistema nalgunhas poboacións capital de partido ao careceren de Concello²⁰. A provincia sería a circunscrición electoral esencial para o nomeamento dos procuradores, cuxo número correspondíase coa poboación da provincia, en razón de un procurador por cada 70.000 habitantes. Segundo estes datos á provincia de Lugo pertencíanlle cinco procuradores en Cortes.

Na mesma data do 20 de maio do 1834 promulgouse un segundo Real Decreto polo que se facía unha explícita convocatoria de Cortes; afirmaba a Raíña Gobernadora: “...he resuelto convocar, como por la presente convoco, las Cortes Generales del Reino, que deberán congregarse en la heroica villa de Madrid en día veinte y cuatro del próximo mes de Julio...”²¹. Este segundo Real Decreto demostraba que non se podía tratar o Estatuto como unha simple convocatoria de Cortes; pois como podemos

¹⁸ Ibidem. Consultar RD de 20-IV-1834 (BOPL, 4-VI-1834).

¹⁹ TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit. Este autor afirma que, ao reducir a elección a certas poboacións, pretendíase establecer unha coincidencia coas cidades que antigamente posuían representación en Cortes: “...el decreto electoral limitaba el derecho de voto a un reducido número de poblaciones (...) los autores del Estatuto, buscando una comparación que les resultase más favorable, la encontraban en el número de ciudades con voto en el antiguo régimen...”, p. 430. Establecíase así un novo entroncamento co pasado, do que tanto gustaban os creadores do Estatuto Real, sempre na busca das leis fundamentais da Monarquía.

²⁰ Efectivamente, no mesmo artigo 46 do RD de 20-IV-1834 afirmábase que era en Galiza e en Asturias onde poderían existir máis cabezas de partido sen Concello. *Vid.* BOPL, 4-VI-1834.

²¹ BOPL, 4-IV-1834.

comprobar agora, ese chamamento facíase por un Real Decreto por separado. Xa que logo, debemos considerar o Estatuto Real como un réxime que posuía unha clara vocación continuísta, nas institucións e normativa que creaba, alomenos esa era a intención dos seus autores²².

O Goberno de Martínez de la Rosa vaise preocupar desde o primeiro momento de que as persoas que foran electas para o Estamento de Procuradores fosen homes de confianza, que apuntalasen tanto o sistema como a Monarquía isabelina. Nese senso, é como podemos entender a Real Orde que o Ministerio do Interior, encabezado polo galego natural da provincia de Lugo José María Moscoso de Altamira, enviou aos Gobernadores Civís das provincias o 27 de maio do 1834, para lles comunicar o que o Goberno agardaba dos comicios. Inauguraba a comunicación de Moscoso unha práctica que se convertera en algo cotián a partir de agora. En efecto, a mensaxe de Moscoso aos Gobernadores Civís contiña as cualidades que deberían adornar aos procuradores a Cortes, de tal xeito que os electos fosen homes que serviran aos intereses do Goberno. Como dicíamos, será frecuente que a partir deste momento o Goberno, desde o Ministerio do Interior, se dirixa ás autoridades provinciais para lles comunicar o que agardaba das eleccións²³. Pero vaimos á análise da Real Orde de Moscoso; comezaba o Ministro do Interior por lles lembrar aos Gobernadores Civís a importancia das vindeiras eleccións, pasando de seguido a anunciar que non se permitiría ningunha coacción, renunciando a toda intervención nos comicios: "...que su eleccion sea enteramente libre y exenta de toda coaccion ó temor que pueda disminuir aquel carácter digno y elevado que conviene á los hombres encargados de la honrosa mision de presentar ante el Trono las peticiones sobre las verdaderas necesidades de los pueblos..."²⁴. Ora ben, unha vez feita esta declaración xeral de neutralidade, Moscoso non podía deixar de citar as cualidades que deberían ter os futuros procuradores: "...sean personas dotadas de un verdadero amor a su pais, asi como de la mas franca decision a

²² TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit. Afirmo este autor: "El Estatuto Real restaura las Cortes, pero a pesar del sentido equívoco de algunas expresiones, no las convoca. El Estatuto es la norma que, de manera permanente y general, fija la composición y señala las atribuciones de la Cortes; la convocatoria es un acto singular que señala el lugar y el tiempo en que, en cada ocasión, deben las Cortes reunirse", p. 104. Este acto singular era o que agora se producía por RD de 20-IV-1834.

²³ AGUILAR GAVILÁN, Enrique: *Vida política y procesos electorales en la Córdoba isabelina (1834-1868)*, Córdoba: Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba, 1991, pp. 33-34. BURDIEL, Isabel: *La política de los notables. Moderados y avanzados durante el régimen del Estatuto Real (1834-1836)*, Valencia: Edicions Alfons el Magnànim, 1987, pp. 54-55.

²⁴ Real Orde de Moscoso de Altamira aos Gobernadores Civís, 27-V-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

favor de los derechos de la REINA nuestra Señora, y animadas de aquellos principios conservadores que en un Gobierno monárquico identifican el esplendor y firmeza del Trono legítimo con la libertad y la gloria de la Nación”²⁵. Os electos, xa que logo, deberían ser persoas de acreditada fidelidade á nova Monarquía de Isabel II, polo que se excluía aos elementos carlistas; mais non só, terían que se tamén personaxes que estiveran na onda ideolóxica do sistema político vixente, persoeiros moderados que creran na liberadade vencellada á orde, é dicir, que estiveran na liña política dese “xusto medio” que proclamaba o liberalismo doutrinario agora en auxe.

Da explícita non intervención Moscoso pasaba a reclamar suxeitos de talento e ilustración, que coñeceran os problemas e as necesidades das provincias. Cualidades ás que se lle deberían engadir uns intereses materiais que defender, símbolo da independencia e da imparcialidade políticas: “...la necesidad de que los Procuradores sean sujetos versados en la práctica de los negocios de las provincias, mancomunados por sus propios intereses en la prosperidad de ellas, y que colocados por su fortuna en una posición independiente se hallen tan distantes de sacrificar sus deberes á las exigencias del poder, como á las seductoras inspiraciones de la ambicion, ó de una popularidad mal entendida”²⁶. É dicir, para Moscoso a representación ideal era a dos propietarios, unicos quen de garantir as bases do novo réxime. No resto da Real Orde Moscoso daba instrucións para a correcta celebración das eleccións, ao tempo que facía fincapé en que por ningunha causa debían retrasarse os comicios. Estas primeiras eleccións do Estatuto Real non estiveron marcadas pola confrontación política; por unha parte, as eleccións convocáronse baixo o signo da unidade de todos os partidarios da Monarquía de Isabel II; e, por outra parte, cuestións como a guerra carlista e a epidemia de cólera que afectaba por aquel entón a España distraeron a atención social cara as eleccións²⁷.

²⁵ Ibidem.

²⁶ Ibidem. Unha vez máis o recurso á propiedade era ineludíbel, só os propietarios poderían garantir unha representación axeitada pois, ao teren intereses que defender, eran esencialmente inimigos dos desordes; e, xa sabemos que a orde, en combinación cunha moderada liberadade, son características sobranceiras do réxime do Estatuto Real. A defensa da orde era a que levaba a Moscoso a solicitar que o espírito de intriga e de partido estivera ausente das eleccións, xa que se agardaba que de todos os electos a unidade arredor do trono de Isabel II, sen fendas internas. A realidade, pola contra, foi moi diferente.

²⁷ TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit., p. 433. Os liberais sempre quixeron amosar cara o exterior unha imaxe de unidade, para non favorecer así aos seus inimigos carlistas. O recurso á unidade liberal será común na época sobre todo despois das crises revolucionarias, que demostraban a división interna dos liberais. Vid. CARR, Raimond: *España...* Op. Cit., p. 167.

3. A XUNTA ELECTORAL DO PARTIDO DE LUGO

Como xa temos afirmado, unha Xunta composta polos municipais do Concello capital de partido xudicial máis un número igual de maiores contribuíntes constituiría o primeiro grao de elección. Para a análise desta primeira fase dos comicios imos achegarnos ao proceso electoral no partido xudicial lucense. En Lugo seguiranse as pautas marcadas desde o Goberno central para fixar a representación política, é dicir, para as autoridades lucenses soamente a propiedade era un valor positivo para participar no proceso de elección do Estamento de Procuradores; vexamos como comentan a vindeira reunión de Cortes e as claves da representación:

“...proporcionándonos el restablecimiento de una institución tan deseada é importante, y abriendo á la nación una nueva era de prosperidad y ventura, poniéndola á salvo de los riesgos que trae consigo el mal entendido derecho, que por una mala aplicación de los principios de verdadera libertad, se persuaden tener algunos en la elección de sus representantes. La base de esta está fundada en la propiedad, única garantía que puede ofrecer el hombre en el desempeño de tan altas funciones”²⁸.

Non podía estar máis claro, para os mandatarios de Lugo a propiedade era a clave de toda participación política, a única cualidade que concedía dereitos políticos. Ao mesmo tempo, e en clara referencia ao liberalismo radical e doceanista, avisan que non se permitirá ningunha outra forma de representación, con isto cortaban todas as ilusións que puideran existir na provincia de Lugo para vencellar o Estatuto Real cos pasados periodos constitucionais.

O 2 de xuño do 1834 reuníase a Corporación municipal de Lugo para tratar da elección dos maiores contribuíntes que, xunto cos membros do Concello, elixirían aos dous electores do partido de Lugo. Logo de observar toda a lexislación electoral aos concelleiros lucenses suscitáronselles varias dúbidas, de tal xeito que acordan dirixirse ao Gobernador Civil para un correcto desenvolvemento electoral. A primeira cuestión que se plantexa ao Xefe provincial está en relación co número de maiores contribuíntes que deberían concorrer á elección, xa sabemos que o seu número debía ser igual ao de membros do Concello, pero os municipais lucenses queren saber se se deben contabilizar tamén aqueles rexedores que non residían na cidade ou que incluso non se atopaban na provincia; en relación con isto suscitábase unha segunda pregunta, para o caso de que só se contabilizaran os rexedores presentes na cidade, os municipais querían saber se

chegado o día da elección, algún rexedor non acudía, debía ser tamén contabilizado para o número de maiores contribuíntes. Finalmente, como terceira dúbida, os concelleiros querían saber se os maiores contribuíntes deberían ser só do termo municipal ou poderían ser escollidos entre os habitantes do partido. En todo caso os concelleiros sabían perfectamente cales debían ser as persoas chamadas a participar no proceso electoral: "...conforme al espíritu y principios del Estatuto, que indican busca la propiedad á dó quiera que se halle"²⁹. Tamén para os rexedores de Lugo a propiedade sería unha condición imprescindible para obter participación política.

Non tardou moito Laurenano Gutiérrez, que ese mesmo mes de xuño tomara posesión do Goberno Civil de Lugo, en dar resposta ao Concello da capital provincial. A respecto das dúas primeiras cuestións o Gobernador Civil afirmaba que o Concello debería pasar oficio a todos os seus rexedores instándoos a acudir á elección de adxuntos maiores contribuíntes, mesmo a aqueles que non tiveran por costume asistir ás sesións: "...considero que debe contarse con ellos para computar el número de electores adjuntos que deben ser nombrados para el indicado objeto: los cuales una vez elegidos, y enterados por medio de respectivos oficios, no creo deba dejar de ser admitido ninguno de ellos, aun cuando dejase de presentarse alguno de los individuos del Ayuntamiento; cuya circunstancia así como puede verificarse por parte de estos, tambien puede darse respecto de aquellos..."³⁰. O Gobernador mandaba contar con todos os rexedores, á marxe das posíbeis continxencias. A respecto da procedencia dos maiores contribuíntes o Gobernador Civil remitía aos concelleiros lucenses ao punto segundo do artigo terceiro do Real Decreto para a elección de procuradores, artigo terceiro que ordenaba que, ademais dos membros do Concello, as Xuntas de partido estarían compostas: "De un número de mayores contribuyentes del pueblo cabeza de Partido, igual al de individuos del Ayuntamiento"³¹. Estaba claro, xa que logo, que os maiores contribuíntes deberían ter a súa veciñanza dentro do termo municipal de Lugo. En calquer caso o Gobernador Civil anunciaba a súa intención de realizar verbo do tema unha consulta ao Goberno verbo destas cuestións.

²⁸ BOPL, 1-VI-1834.

²⁹ Sesión do Concello de Lugo, 2-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Catafol 436.

³⁰ Comunicación de Laureano Gutiérrez ao Concello de Lugo, 3-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

³¹ BOPL, 4-VI-1834.

O Concello de Lugo, cumprindo as ordes do Gobernador Civil, preparouse para oficiar a todos os seus membros para que acudisen á elección de maiores contribuíntes, aínda que era pesimista verbo da asistencia daqueles que non adoitaban acudir: "...y teniendo presente que los señores que no asisten ni se presentan á sus trabajos ordinarios y extraordinarios a pesar de las repetidas indicaciones que se les han hecho, y que han eludido siempre con contestaciones ambiguas y ofertas que no han cumplido, podian hacer lo mismo esta vez, siguiendo su antigua costumbre, se acordó oficiarles remitiendo por propio los oficios a los que se hallen fuera de la ciudad, para que dentro del preciso y perentorio término de tres días se presenten en ella y concurran con los demas que están presentes á hacer la eleccion de adjuntos mayores contribuyentes..."³². O Concello reclamaba a súa presenza ou ben, caso de non asistir, que se comunicase concretamente. Ao mesmo tempo a Corporación fixaba os rexedores que se atopaban fóra da cidade e aos que se lle debería enviar oficio, estes eran Antonio Gayoso, José María Rivera Figueroa e Juan Pardo Vaamonde de Guevara³³. Correspondendo ás prediccions que fixera o Concello, as respostas dos rexedores ausentes non foron moi alentadoras. En efecto, Antonio Gayoso, malia o seu desexo de participar no proceso e a súa adhesión ao réxime, negaba explicitamente a súa asistencia por mor do seu estado de saúde³⁴; mentres que José María Rivera Figueroa, anque tamén con problemas de saúde, deixaba aberta unha porta á súa asistencia³⁵. Polo que respecta a Juan Pardo Vaamonde de Guevara tamén unha delicada saúde impedía a súa presenza efectiva en Lugo. Afirmaba este personaxe que xa noutras ocasións enviara informes médicos da súa débil saúde ao Concello de Lugo, de onde era rexedor perpetuo, posto herdado dos seus antepasados, malia ter fixada a súa residencia en Taboi. Ora ben, outras circunstancias motivaban a resistencia de Vaamonde de Guevara para acudir a Lugo: "Nadie mas que yo será ni es mas adicto á sostener ciegamente los derechos de nuestra

³² Sesión extraordinaria do Concello de Lugo, 6-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

³³ Ibidem.

³⁴ Oficio de Antonio Gayoso ao Concello de Lugo, 7-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SEIRE: Eleccións. Cartafol 436. "A pesar de los mas vivos deseos de asistir á la eleccion de Procuradores á Cortes: acto solemne que recuerda nuestras antiguas glorias: y preludio de nuestra fidelidad futura: no me es posible verificarlo, por no permitirmelo el estado actual de mi salud".

³⁵ Oficio de José María Rivera Figueroa ao Concello de Lugo, 7-VI-1834. (AHPL). SECCION: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436. "Contestando al oficio de V.S. de que me urgen terminantemente á que yo manifieste si mi enfermedad me permitiria asistir á la eleccion de los sugetos mas pudiesen para asistir á los que debe verificarse de los dos electores pertenecientes á este partido, debo decir que aunque estoy muy mejorado, aun no puedo en el dia salir á la calle, mas tengo esperanza de que podré verificarlo á últimos de la semana entrante".

Reina Gobernadora y su Amada hija apesar de allarme desafiado de algunos facciosos que pasean por estas cercanías...”³⁶. O medo á presenza carlista motivaba as súas dúbidas no desprazamento e participación no proceso electoral, malia non aforrar gabanzas cara a nova Monarquía de Isabel II.

O Concello de Lugo vaise reunir o 10 de xuño do 1834 para analizar os oficios devanditos e para proceder ao nomeamento de adxuntos maiores contribuíntes. Os municipais de Lugo descartaban definitivamente a Antonio Gayoso e a José María Rivera Figueroa, mentres que mantiñan a dúbida verbo de Pardo Vaamonde de Guevara; en virtude destas consideracións, e tendo en conta que o número de concellerios en activo era de once, os rexedores de Lugo deciden fixar once adxuntos maiores contribuíntes máis tres suplentes: “...a fin de precaver que por falta de alguno de los adjuntos quede incompleto el número, y menor al de concejales, siendo la letra y espíritu del Real decreto de elecciones haya igual número de unos y otros...”³⁷. De seguido, o Concello propúñase oficiar aos once maiores contribuíntes escollidos, máis aos tres suplentes, para lles pregar que estiveran dispostos a acudir para elixir aos electores do partido de Lugo, desembaranzándose de calquer dificultade que se opuxera a este obxectivo. Non tardaron moito en chegar as súas respostas, a continuación analizamos algunhas delas, que nos permiten coñecer tamén ás personalidades máis significativas chamadas a participar no proceso electoral.

Un dos principais contribuíntes da cidade de Lugo era Rodrigo Rodríguez de Campomanes, terceiro Conde deste nome, coronel dos Reais Exércitos. O Conde de Campomanes confirmaba a súa asistencia ao Concello de Lugo, sempre que o seu estado de saúde llo permitira. Porén, non era a súa saúde o que máis sorprendía, senón que o Conde de Campomanes tiña unhas recoñecidas simpatías carlistas, que o situaban, xa que logo, en oposición á nova Administración nacente³⁸. En clara contraposición co Conde de Campomanes situábase outro dos nomeados para adxuntos maiores contribuíntes: José Ramón Becerra. Efectivamente, neste home contaba a provincia de Lugo cun dos seus máis significados liberais, membro das Cortes de Cádiz, deputado

³⁶ Oficio de Juan Pardo Vaamonde de Guevara ao Concello de Lugo, 8-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

³⁷ Sesión extraordinaria do Concello de Lugo, 10-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

³⁸ GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia. La Regencia de María Cristina. Moderados, progresistas y carlistas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1984, p. 248.

novamente durante o Trienio Liberal, será a cabeza dos progresistas lucenses. Podemos comprobar o seu talante avanzado e progresista na resposta que enviou á Corporación de Lugo, recriminando a actitude do Concello que lle esixe unha resposta inmediata: “Pero si el exigir la contestacion dentro de 24 horas quiere decir que yo me comprometa á asistir á las elecciones sin falta alguna, no estando el porvenir en mis manos, mal puedo yo hacerlo. Si, pues, la intencion de V.SS. fuese, que no falte ninguno de los nombrados, como este, mas bien que una obligacion es un derecho que la ley y la bondad que han tenido V.SS. en elegirme, me confieren, puedo renunciarlo para que se nombre otro, y desde ahora para tranquilizar sus escrúpulos estoi dispuesto á hacerlo”³⁹. Non nos é difícil imaxinar o enfrontamento dun avanzado como era Becerra cunha Corporación moderada e inmovilista como era a de Lugo por esta época. Atendemos, finalmente, á resposta que José María Sobrado y Navia deu á Corporación lucense xustificando a súa imposibilidade de asistir: “Y enterado de todo digo que con la de 6 del actual del corriente recibí otro oficio del Sr. Baamonde comisionado para formar en Taboada la Junta electoral de este partido y en el que me nombra uno de sus vocales como residente y hacendado en el mismo, cuio encargo he aceptado gustoso como lo haria en esa pues jamas reusé emplear mi corta utilidad en beneficio de la Patria y obediencia de las ordenes de V.SS.”⁴⁰. Con isto, viña a se confirmar, como máis arriba sinalamos, que nalgúns partidos da provincia de Lugo foi necesario enviar comisionados para formar as Xuntas electorais, que estarían formadas, como se pode observar, polos principais propietarios do partido.

Ademais de José María Sobrado y Navia outros tres adxuntos maiores contribuíntes denegaron a súa asistencia á Xunta electoral de partido por diversos motivos, polo que dos catorce maiores contribuíntes nomeados (once titulares e tres suplentes) só 10 confirmaron a súa asistencia. Asemade, o rexedor Juan Pardo Vaamonde de Guevara rematou por facer efectiva a súa presenza en Lugo: “...pues no quisiera que por mi falta se atrasasen las sabias disposiciones de nuestra Reina Gobernadora en la Eleccion á Cortes...”⁴¹. Así as cousas, o número de concelleiros establecíase finalmente en 12, mentres que só existían 10 adxuntos maiores

³⁹ Oficio de José Ramón Becerra ao Concello de Lugo, 12-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

⁴⁰ Oficio de José María Sobrado y Navia ao Concello de Lugo, 13-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

⁴¹ Oficio de Juan Pardo Vaamonde de Guevara ao Concello de Lugo, 14-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

contribuintes. Tal descomposición obrigou ao Concello de Lugo a nomear a dous novos adxuntos, tal feito vaise producir durante a sesión extraordinaria de 17 de xuño do 1834, resultando nomeados “...por tales adjuntos José Pardo Abad y don Domingo Fernandez Rajal, al primero como empleado y propietario considerado como uno de los mayores contribuyentes de esta capital, y al segundo por la propia razon, como comerciante y propietario...”⁴². Afirmacións estas da Corporación lucense que incidían en que só a propiedade daría a participación política a partir de agora. Con 12 muncípedes e 12 adxuntos maiores contribuintes serían 24 as persoas que participarían na elección dos dous electores que representarían ao partido xudicial de Lugo.

CADRO I

XUNTA ELECTORAL DO PARTIDO DE LUGO. 20 DE XUÑO DO 1834	
Membros do Concello de Lugo	Adxuntos Maiores Contribuintes
Pascual Fernández Baeza	Conde de Campomanes
Francisco Neira Montenegro	Juan Quiroga y Gómez
Fernando Buide	José Ramón Becerra
Francisco Miranda y España	Juan Pardo y Prado
Juan José Pardo Vaamonde de Guevara	José María Gaioso
Antonio María Miranda	Francisco Gómez Cadórniga
Miguel Pardo Sobrado	Antonio López de Prado
José Saavedra y Pardo	Juan de Prado
Manuel Ulloa	Juan Lamas Rubinos
Juan Quiroga y Porras	Juan Ferreiro
Felipe Carrera	José Ramón Pardo Abad
Esteban Weber	Domingo Fernández Rajal

FONTE: Elaboración propia. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

Coa participación de tan só 24 persoas para o nomeamento dos dous electores do partido de Lugo viña a se confirmar o escaso corpo electoral que deseñaba o réxime do Estatuto Real. As cifras oficiais da época concedían unha poboación ao partido xudicial de Lugo de 45.005 almas, polo que a porcentaxe de participantes no proceso electoral ficaba tan só nun 0’053 %; tan só a elite propietaria da sociedade, a nación legal, tiña posibilidades de participación política. A maioría dos que rexeitaron a súa presenza na Xunta electoral do partido de Lugo fixérono por motivos de saúde; en senso estricto non podemos considerar este feito como un rexeitamento ao novo réxime, aínda así

⁴² Sesión extraordinaria do Concello de Lugo, 17-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

queremos apuntar a posibilidade de que algún dos chamados denegara a súa asistencia por simpatías carlistas ou por temor a represalias futuras, nun intre en que era difícil saber cal dos dous bandos se consolidaría na Coroa.

Tal como esixía o Real Decreto de elección de procuradores o 20 de xuño do 1834 reuniuse a Xunta do partido de Lugo para proceder a nomear aos dous electores do partido. Se por unha parte, os maiores contribuíntes representaban á parte máis potente da sociedade lucense; pola parte dos concelleiros pode dicirse outro tanto; así, e a modo de exemplo, sinalamos os casos de Antonio María Miranda, rexedor, fidalgo e propietario; Francisco Miranda y España, o rexedor máis antigo do Concello de Lugo, tamén fidalgo e posuídor dun importante patrimonio territorial na Terrachá⁴³. Non era, pois, extraño que unha Xunta así formada nomease a dous electores da súa mesma condición social. Logo de ler o Real Decreto de eleccións, os maiores contribuíntes José Ramón Becerra e Juan Quiroga y Gómez preguntaron á Xunta electoral se Juan Pardo y Prado, tamén adxunto, podía participar no proceso ao ser fillo primoxénito do rexedor Pardo Vaamonde de Guevara, indicando a maioría da Xunta que non existía ningún problema para admitir a súa participación⁴⁴. Ora ben, non remataron aí as peticións: “En seguida, pidió el adjunto D. José Becerra que se declarase que siendo quince los individuos de que se compone este Ayuntamiento, aunque no hay presentes mas que doce devieron ser nombrados quince adjuntos...”⁴⁵; as intencións de Becerra son claras: aumentar no posíbel o corpo electoral; descubríase neste feito o seu talante avanzado, e outro tanto poderíamos dicir da primeira petición, sen dúbida dirixida a eliminar a un membro moderado (e mesmo filocarlista) como era Juan Pardo y Prado. A petición de Becerra de aumentar o número de adxuntos foi desestimada. Pasados estes prolegómenos procedeuse á elección dos dous electores, que debería realizarse en votacións independentes, para ser elixido elector era necesaria a maioría absoluta, caso que se verificou amplamente nos dous escrutinios da Xunta de partido de Lugo.

A Xunta de partido de Lugo elixiu ao Conde de Campomanes e a Antonio María Miranda como electores. Así, viña a se confirmar o que máis arriba afirmamos: o nomeamento para electores de dous importantes propietarios. Porén, ademais da súa

⁴³ VILLARES, Ramón: *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo: A Nosa Terra, 1994, p. 237, nota 44.

⁴⁴ “Acta de nombramiento de dos electores que corresponden á esta ciudad de Lugo y su Partido Judicial el día veinte de Junio de mil ochocientos treinta y cuatro...” (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

⁴⁵ *Ibidem*.

importantante posición económica, outra cuestión destacaba dos dous electores: a súa condición de ultramoderados e mesmo de partidarios do carlismo⁴⁶. Deste xeito, o partido xudicial de Lugo enviará a participar na elección de representantes para o novo réxime a dous homes que cuestionaban o novo sistema que agora nacía.

CADRO II

ESCRUTINIOS DA XUNTA ELECTORAL DO PARTIDO DE LUGO			
Primeiro escrutinio	Votos	Segundo escrutinio	Votos
Conde de Campomanes	19	Antonio María Miranda	19
José Ramón Becerra	2	José Ramón Becerra	2
Antonio Vilaríño	1	Francisco Miranda y España	1
Antonio María Miranda	1	José Saavedra y Pardo	1
Señor de Miraz	1	Antonio Vilaríño	1

FONTE: Elaboración propia. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

Como se pode apreciar no CADRO II o nomeamento dos electores polo partido de Lugo realizouse por votacións idénticas, este feito estanos indicando un nivel de acordo previo aos escrutinios verbo dos suxeitos que deberían ser elixidos; feito que tamén poderemos constatar amplamente ao observar as votacións a nivel provincial⁴⁷. O proceso electoral pechábase no partido xudicial de Lugo cunha comunicación do Gobernador Civil, Laureano Gutiérrez, comunicándolle ao Concello de Lugo que o Goberno central viña de aprobar as súas resolucións a respecto das dúbidas que lle plantexara a Corporación lucense⁴⁸.

4. A XUNTA ELECTORAL DA PROVINCIA DE LUGO

Unha vez resolto o primeiro grao de elección, as Xuntas de partido, pasábase ao segundo grao, a Xunta provincial, á que deberían acudir todos os electores nomeados

⁴⁶ En efecto, eran amplamente coñecidas as simpatías do Conde de Campomanes polo carlismo, tendo en Antonio María Miranda ao seu principal amigo e contertulio. As actividades procarlistas destes dous personaxes chegarán a ser tan escandalosas que mesmo en setembro do 1838 o xornal *Eco del Comercio* denunciará que na casa do Conde de Campomanes se conspiraba abertamente contra da liberdade e do trono de Isabel II: *Vid.* VILLARES, Ramón: *Desamortización...* Op. Cit., pp. 203-204. Outro dos denunciados polo xornal madrileño era Juan Pardo y Prado, polo que agora comprendemos as intencións de José Ramón Becerra e Juan Quiroga y Gómez por eliminalo da Xunta de partido lucense.

⁴⁷ O acordo previo verbo dos suxeitos a elixir non o atopamos só no caso de Lugo, Margarita Caballero tamén o sinala para o caso das eleccións do Estatuto Real en Soria. *Vid.* CABALLERO, Margarita: *El sufragio censitario. Elecciones Generales en Soria durante el reinado de Isabel II*, Soria: Junta de Castilla y León, 1994, p. 27.

⁴⁸ Comunicado de Laureano Gutiérrez ao Concello de Lugo, 27-VI-1834. (AHPL). SECCIÓN: Concello de Lugo. SERIE: Eleccións. Cartafol 436.

polos partidos xudiciais; polo que respecta á provincia de Lugo a súa división en once partidos xudiciais elevaba o número de electores a 22, que serían os que procederían a elixir aos cinco procuradores que lle corresponderían á provincia de Lugo. En efecto, o 30 de xuño do 1834, data marcada legalmente, o Gobernador Civil de Lugo reuniu baixo a súa presidencia a todos os electores dos partidos de Lugo⁴⁹. Ao igual que ocorría cos electores do partido de Lugo, os elixidos nos demais partidos da provincia representaban tamén ás elites locais, eran expresión da propiedade que o Estatuto Real demandaba para participar no proceso electoral.

CADRO III

MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL DA PROVINCIA DE LUGO 30 DE XUÑO DO 1834	
Partidos Xudiciais	Electores
LUGO	Conde de Campomanes
	Antonio María Miranda
FONSAGRADA	Francisco Graña
	Juan Diego Osorio
MONDOÑEDO	Juan Pampillo de Saavedra
	José María Pardo Montenegro
MONFORTE	Manuel Benito Lorenzana
	Francisco Fariña
AS NOGAIS	Gonzalo Osorio
	Vicente Ulloa
QUIROGA	Manuel María Vázquez Quiroga
	Francisco Robles
RIBADEO	Manuel Ibañez
	Fernando Miranda y Olmedilla
VIVEIRO	José María Múñiz
	José María de Castro
VILALBA	Andrés de Silva
	Juan de San Martín y Varela
TABOADA EN CHANTADA	José María Sobrado y Navia
	José María Sotelo
SARRIA	Benito Somoza
	Bernardo María Díaz de Freijo.

FONTE: Elaboración propia. (ACD). Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

⁴⁹ Archivo del Congreso de los Diputados (ACD). Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

PARTIDOS XUDICIAIS DA PROVINCIA DE LUGO. 1834



- | | |
|---------------|------------------------|
| 1. Viveiro | 7. Taboada en Chantada |
| 2. Mondoñedo | 8. Sarria |
| 3. Ribadeo | 9. As Nogais |
| 4. Vilalba | 10. Monforte |
| 5. Lugo | 11. Quiroga |
| 6. Fonsagrada | |

Sen dúbida, os electores eran personaxes relevantes nos seus partidos xudiciais, e non só pola súa condición de propietarios, vexamos algúns exemplos: Juan Pampillo de Saavedra, Alcalde Maior de Mondoñedo, a quen xa atopamos á hora de tratar a proclamación do Estatuto Real na súa cidade. Manuel Benito Lorenzana, elector por Monforte, que xa fora elixido no 1820 como deputado nas primeiras Cortes do Trienio Liberal. José María Sobrado y Navía, quen xa vimos como fora nomeado vocal da Xunta electoral de Taboada como propietario neste partido. Francisco Robles, propietario do partido xudicial de Quiroga, futuro deputado provincial por este partido; outro tanto poderíamos dicir de Gonzalo Osorio, tamén futuro deputado provincial. Destacamos, así mesmo, ao avogado de Viveiro José María de Castro Bolaño, quen ocupará destacados postos na Deputación Provincial de Lugo ou representando á provincia nas Cortes. Manuel Ibáñez, elector por Ribadeo, familiar do fundador de Sargadelos. Andrés de Silva, notario de Vilalba e un dos maiores contribuíntes nesta vila, seguirá xogando unha importante influencia de cara ao futuro; o mesmo podemos dicir de José María Pardo Montenegro, elector por Mondoñedo, con importantes propiedades neste partido e en Vilalba, que se converterá nun dos futuros representantes do moderantismo lucense, será elixido en varias ocasións para deputado por distritos da provincia de Lugo⁵⁰. En definitiva, achamos agora as primeiras actividades públicas de personaxes que hexemonizarán a vida política lucense no futuro; deste xeito, a época do Estatuto Real foi o primeiro escenario político para algúns dos protagonistas da política lucense ao longo do reinado de Isabel II.

Na Xunta electoral de Lugo, denantes de pasar aos escrutinios, sucedéronse dúas incidencias que pasamos a comentar: en primeiro lugar, presentáronse todos os electores agás un: Juan Diego Osorio, nomeado elector polo partido xudicial da Fonsagrada, que non acode a Lugo ao considerar nula a súa elección, polo que a Xunta electal lucense ficaba reducida a 21 persoas⁵¹; en segundo lugar, deuse conta dunha exposición do Procurador Síndico do Concello de Ribadeo na que se queixaba da elección para maiores contribuíntes de Fernando Miranda y Olmedilla e de José Lamas Menéndez, aducía o Procurador Síndico que, se ben estes dous personaxes si eran maiores contribuíntes, non o eran por bens posuídos no partido de Ribadeo; ora ben, esta

⁵⁰ VEIGA ALONSO, Xosé Ramón: *O Conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908. Aproximación ó activismo das elites na Galicia decimonónica*, Lugo: Deputación Provincial, 1999, p. 41, nota 146 / p. 68.

⁵¹ ACD. Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

exposición non foi tida en conta, polo que a elección puido continuar⁵². Con isto demostrábase que o que se buscaba perante todo era a propiedade, independentemente de onde estivera situada. Chegaba con que Miranda y Olmedilla e Lamas Menéndez foran veciños de Ribadeo, así como propietarios, non importando onde estiveran os seus bens; novo exemplo de que os propietarios eran os protagonistas do Estatuto Real. Os procuradores deberían ser electos en cinco votacións separadas, así como por maioría absoluta. De seguido, pasamos a comentar eses escrutinios e a coñecer aos procuradores electos pola provincia de Lugo.

No primeiro escrutinio saíu electo procurador José María Moscoso de Altamira (1788-1854). Pertencía este a unha importante familia fidalga da Mariña lucense, os Moscoso Omaña, destacados propietarios. O mesmo José María Moscoso foi o derradeiro señor xurisdiccional de Ferreira Vella, posuíndo ademais entre as súas propiedades as casas de Fontao, Formarán, Donalbai, Senande...⁵³. Moscoso de Altamira xa contaba cunha importante experiencia política: no ano 1820 participou decisivamente na proclamación da Constitución do 1812 en Ferrol, cidade na que residía e foi o seu primeiro alcalde constitucional no Trienio Liberal. No mesmo 1820 Moscoso vai ser electo deputado a Cortes; neste senso, podemos afirmar que Moscoso de Altamira destacará nas Cortes do Trienio polas súas opinións moderadas, posturas que o levaran a ocupar no 1822 o Ministerio da Gobernación no Gabinete encabezado por Martínez de la Rosa; o seu rápido ascenso político debeu de estar vencellado tamén ás súas relacións coa Monarquía, xa que desde 1817 era “Gentilhombre de Cámara de S.M.”. Esta privilexiada situación perdeuna Moscoso no 1823, coa reacción absolutista, voltando ás súas propiedades galegas. A súa condición de importante propietario e, xa que logo, cunha sobranceira influencia social, motivaron que a finais do 1833 Moscoso de Altamira fose nomeado Subdelegado de Fomento da provincia de Lugo, ao Goberno interesáballe pór á fronte das provincias a personaxes de destacada relevancia social, que lle garantiran a fidelidade da periferia. Sen embargo, pouco tempo ocuparía Moscoso a Subdelegación lucense, pois en abril do 1834 era designado para a carteira de Fomento, substituindo a Javier de Burgos e novamente nun Ministerio encabezado por Martínez de la Rosa. Desde o seu posto á fronte do Ministerio do Interior (nome dado ao departamento á súa chegada) Moscoso será o encargado de organizar as primeiras

⁵² Ibidem.

⁵³ GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia...* Op. Cit., pp. 42-43.

eleccións do Estatuto Real⁵⁴. A posición de Moscoso como Ministro do Interior dáballe perante as eleccións un lugar destacado. Tal posición sobranceira demostrárase cando a Xunta electoral de Lugo o designe como primeiro procurador pola provincia.

En efecto, a relevancia de Moscoso era aínda máis grande ao ser electo por unanimidade dos electores: “...leídas las cédulas por los Escrutadores, resultó elegido para primer Procurador por unanimidad, el Excmo. Señor Don José María Moscoso de Altamira, Secretario de Estado y del Despacho de lo Interior”⁵⁵. O feito de que Moscoso fora electo pola totalidade dos membros da Xunta electoral suxírenos dúas reflexións: en primeiro lugar, como xa comentamos ao tratar os escrutinios da Xunta de partido de Lugo, a existencia dun acordo previo para determinar a persoa a escoller, algo que tamén veremos repetido en grande medida nas seguintes votacións; en segundo lugar, a unanimidade da Xunta provincial era o recoñecemento de que Moscoso de Altamira era daquela a principal figura da provincia de Lugo, ao que se lle engadía o feito de que ocupaba o cargo de Ministro do Interior, é dicir, o principal responsábel da organización das eleccións; traballo que agora se vai ver recompensado coa elección unánime por parte da Xunta electoral lucense.

O curriculum político de Moscoso, máis a súa condición de grande propietario da provincia de Lugo, situábano no cumio da representación política desta provincia. Efectivamente, a importante personalidade de Moscoso de Altamira ficaba posta de relevo nun artigo publicado polo *Boletín Oficial* pouco tempo despois de que a Xunta electoral de Lugo concluíra os seus traballos. Neste escrito louvábbase o acerto da Xunta provincial á hora de escoller procuradores, elexindo unha representación segundo a demandaba a necesidade dos tempos: “...la junta de provincia celebrada en esta capital el día 30 del mes último, ha dado pruebas nada inequívocas del tino y circunspeccion con que ha procedido en el ejercicio de sus sublimes funciones. Cinco de los mayores propietarios de la Provincia, dignos de la confianza de sus habitantes, tanto por sus luces, como por sus acrisoladas opiniones en favor de los derechos de nuestra jóven REINA y del sistema del actual gobierno; y entre ellos, el primero, el Excmo. Sr. Don José María Moscoso de Altamira, han sido elegidos para representarla en las próximas

⁵⁴ A misión da que se debería encargar Moscoso era ben coñecida para os redactores do *Boletín Oficial* de Lugo: “...la necesidad de su presencia en la próxima reunion de Córtes, no pudieron ocultarse á la sabiduría de nuestra adorada REINA Gobernadora; y por lo mismo solicita siempre en aprovecharse de las luces de aquellos españoles que tantas pruebas tienen dadas de sus talentos, acaba de llamarle para componer parte de un Ministerio destinado á labrar la felicidad pública...”. *Vid.* BOPL, 4-V-1834.

⁵⁵ ACD. Serie Electoral. Legajo 10, nº 27.

Córtes. Confiemos pues en el acierto de los demas”⁵⁶. Podemos observar como Moscoso era colocado á cabeza da representación lucense no Estamento de Procuradores, a preeminencia de Moscoso queda así subliñada, hai unha confianza absoluta no exercicio das súas funcións, e agárdase que os demais sigan o seu exemplo. As palabras devanditas eran tamén unha mostra das cualidades que debían adornar a todo procurador: propiedade, en primeiro lugar, como condición imprescindible para saltar á area política; mais tamén, en segundo lugar, fidelidade á Monarquía de Isabel II e aos principios moderadamente representativos do Goberno. Condicións que cumpría amplamente Moscoso de Altamira.

A partir deste momento Moscoso vaise situar ao lado do liberalismo máis moderado; Moscoso vaise converter, non só na cabeza dos moderados na provincia de Lugo, senón tamén nun dirixente significativo desta tendencia política a nivel español. As súas posicións moderadas quedaron amplamente demostradas na súa actuación no Estamento popular, ben como Ministro, ben como simple procurador:

“No descubrió el Alta-mira hasta que fue ministro del 7 de julio, y como fomentador ó de lo interior no ha descubierto otras altas miras: en cuanto a chalecos y petimetrismo, como antaño, salva la diferencia de edad y la necesidad de peluca. Empezó la nueva carrera parlamentaria negándose a interpelaciones, resistiendo protestas, y echándose de valiente hidalgo, á pesar de los precedentes autorizados por sus colegas; empero los procuradores se empeñaron en oponérsele, y no pudiendo resistir su oratoria gallega, hubo de ceder la silla al vice-presidente de las Córtes digno sucesor suyo (...) A pesar de sus diputaciones, de sus ministerios, y de tanto rozarse con castellanos puros, aun no se ha desprendido del mal uso de los pretéritos con que afean el habla sus paisanos. Procurador liso y morondo de la segunda legislatura calló y votó con sus ministeriales, aunque asistía poco. Dicen que no quiso ser prócer, porque no juzga posible hacerse mas ilustre”⁵⁷.

Deixando de lado alusións persoais, a través das palabras devanditas exergamos a un Moscoso que como ministro se nega a dar explicacións da súa actividade aos procuradores, ao contrario que os seus compañeiros de Gabinete, que si respostaban ás preguntas que se lles formulaban, este feito dá noticia do carácter autoritario de Moscoso, que se sitúa nun moderantismo extremo, alén dos seus propios colegas. Como

⁵⁶ BOPL, 2-VII-1834.

⁵⁷ *Fisonomía natural y política de los Procuradores en las Cortes de 1834, 1835 y 1836*, Madrid, 1836, pp. 23-24. Cómpre advertir que o autor desta obra posuía unha clara tendencia progresista, razón pola cal o retrato que faga dos avanzados será moito máis favorábel que o que realice dos moderados. Era o caso de Moscoso, cuxa descrición non é nada positiva.

membro do Estamento, Moscoso seguirá sempre a carón do Goberno, sen saír dos estreitos preceptos marcados polo sistema político vixente. Esta descrición política seguirá sendo válida de cara ao futuro, no que Moscoso continuará hexemonizando o moderantismo na provincia de Lugo.

Como se deduce do CADRO IV no segundo escrutinio da Xunta electoral de Lugo foi electo procurador, por maioría absoluta, Rosendo José de la Vega y Río; foi este personaxe un dos poucos eclesiásticos que formou parte do Estamento de Procuradores; a diferenza do que ocorrera coas Cortes de Cádiz e coas do Trienio Liberal, nas Cámaras do Estatuto Real houbo escasos membros do clero; sen dúbida, as simpatías carlistas da maioría do clero español explican este feito⁵⁸. Vega y Río era natural da cidade de Mondoñedo, cursou estudos de Leis e Cánones na Universidade de Santiago de Compostela arredor dos anos 1788-1793, nesta Universidade sería tamén profesor⁵⁹. Coéngo doutoral da catedral de Mondoñedo, Vega y Río exercía como xuíz do Tribunal do Excusado, e sería esta condición de xurista a que predominaría na súa elección como procurador, máis que a súa pertenza ao Estamento eclesiástico⁶⁰. Seguindo nesta liña, cando no *Boletín Oficial* de Lugo son presentados os procuradores electos, de Vega y Río, ademais da súa condición de membro do Tribunal do Excusado, destácase que era un “hacendado”⁶¹; polo que cumpría o principal requisito para ser membro das Cortes.

CADRO IV

ESCRUTINIOS DA XUNTA PROVINCIAL DE LUGO			
Segundo escrutinio	Votos	Terceiro escrutinio	Votos
Rosendo José de la Vega y Río	13	Manuel María Vázquez Queipo	20
Señor de Rubianes	8	Gonzalo Osorio	1

FONTE: Elaboración propia. (ACD). Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

⁵⁸ TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit., p. 325.

⁵⁹ Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS). SECCIÓN: Expedientes persoais. Cartafol 1.550.

⁶⁰ GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia...* Op. Cit., p. 55.

⁶¹ BOPL, 2-VII-1834. Rosendo José de la Vega y Río era tamén membro do “Consejo de S.M.”, e en agosto do 1834 sería nomeado como capelán de honra da “Real Capilla de S.M.”: *Vid. Gaceta de Madrid*, 12-VIII-1834.

De claras posicións moderadas Vega y Río será un claro ministerial, apoiando sempre ao Goberno; non sendo moi partidario da nova política que traían os tempos; vexamos o seu retrato como procurador:

“Sentóse al principio á la izquierda (por sentarse y no mas); pero se mudó muy luego junto al banco de la Corona para preguntar lo que votaría (...) Sabe muy bien, y lo ha dicho en lleno parlamento, que los clérigos lechuginos y holgazanes son prolíficos; y aunque le suena mal lo de pacto social, ha mostrado buenos conocimientos profanos de estadística, economía y econosuya. Cuando se le calienta la lengua no hai campanilla ni presidente que apague su voz estentórea; y cuando se espresa festivo da buenos ratos de risa á los oyentes”⁶².

O terceiro escrutinio tamén se decidiría por maioría absoluta, e del sairía electo procurador por Lugo Manuel María Vázquez Queipo. Este personaxe cumpría á perfección un dos requisitos esixidos para ser procurador: a propiedade. En efecto, Manuel Vázquez Queipo era a cabeza da casa fidalga de Lusío (Samos); desde a súa fundación, a mediados do século XVI, esta casa foi engrandecendo paulatinamente o seu patrimonio territorial, até chegar a ser unha das máis importantes de Galiza⁶³. Polo que respecta á súa posición política podemos dicir que Manuel Vázquez Queipo vaise situar a carón do moderantismo, sendo unha figura representativa desta tendencia na provincia de Lugo. A diferenza do outro grande moderado da provincia – Moscoso de Altamira – Manuel Vázquez Queipo e a súa familia terán unha maior continuidade política, prolongándose ao longo do século XIX a súa presenza na vida pública; neste senso cómpre resaltar a relevancia social que terá Vicente Vázquez Queipo, irmán do agora procurador, tanto na política como no ámbito das ciencias⁶⁴. Cómpre dicir que Manuel Vázquez Queipo era neto do Conde de Toreno, personaxe que xunto con Martínez de la Rosa era un dos máximos representantes do liberalismo moderado español, o seu parentesco con Toreno era precisamente unha das cuestións reflectidas no seu retrato como procurador:

⁶² *Fisonomía natural y política...* Op. Cit., p. 24. As posicións moderadas de Vega y Río pónense de relevo no feito de que se opuxo á liberdade de prensa, que se discutiu no Estamento de Procuradores; afirmando: “En España hemos tenido dos épocas recientemente en que ha estado libre el uso de la prensa sin ninguna censura, y á pesar de las leyes que se establecieron para corregir los abusos ¿qué sucedió? Que salieron papeles inmorales que ningún español juicioso dejará de avergonzarse de que en su patria se hayan escrito...”. *Vid. Gaceta de Madrid*, 5-IX-1834 (Suplemento); o conservadurismo de Vega y Río reflectíase a través das súas palabras, rexeitando a liberdade de prensa das pasadas épocas liberais.

⁶³ VILLARES, Ramón: *Foros, frades e fidalgos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982, p. 107.

⁶⁴ GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia...* Op. Cit., p. 47.

“...pariente de Toreno por lo Queipo de Llano de la casa de Lusío, y por consecuencia ministerial de consanguinidad. Habló sobre la sal y de algun otro punto tocante a Galicia; y en una comision á que perteneció hizo un voto particular para particularizarse”⁶⁵.

Como xa temos afirmado, o periodo do Estatuto Real sería a época na que comecen a se abrir camiño personaxes que no futuro desempeñarán importantes papeis políticos; era o caso de Manuel Vázquez Queipo⁶⁶; que comezará agora unha brillante carreira política que culminará no 1852 coa concesión dun título nobiliario: Conde de Torres Novais de Quiroga, como recompensa polos servicios prestados á Monarquía e ao Estado; pero ademais a influencia dos apelidos Vázques Queipo continuará tras a súa morte cos seus herdeiros, esta sería a principal diferenza con Moscoso de Altamira, cuxa relevancia política desaparece co seu pasamento.

No cuarto escrutinio xa non houbo maioría absoluta, tal e como se pode comprobar no CADRO V. O Real Decreto para a elección dos procuradores establecía que se ningún dos suxeitos votados obtiña a metade máis un dos sufraxios, debería realizarse unha segunda volta á que concorrerían tan só os dous suxeitos que recolleran maior número de votos. No caso que nos ocupa eses dous homes serían Fernando Miranda y Olmedilla e Manuel Varcárcel de Saavedra.

CADRO V

ESCRUTINIOS DA XUNTA PROVINCIAL DE LUGO			
Cuarto escrutinio	Votos	Quinto escrutinio	Votos
Fernando Miranda y Olmedilla	10	José Ramón Becerra	12
Manuel Valcárcel de Saavedra	9	José M. ^a Bermúdez de Castro	7
Señor de Rubianes	1	Señor de Rubianes	1
Gonzalo Osorio	1	Gonzalo Osorio	1

FONTE: Elaboración propia. (ACD). Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

Ora ben, á hora de realizar a segunda votación as cousas complicáronse. Miranda y Olmedilla, que tamén era elector por Ribadeo, ao se considerar parte implicada decidiu non participar na votación, ficando tan só vinte electores; do escrutinio saíu o seguinte resultado: dez votos a favor de Miranda e once a favor de Valcárcel, que sumaban 21 sufraxios en total, polo que a Xunta provincial resolveu que tiña que existir

⁶⁵ *Fisonomía natural y política...* Op. Cit., p. 24.

algún erro (pois só eran vinte a votar). Decídese realizar unha terceira votación que deu como resultado: Valcárcel nove votos, Miranda once votos, que finalmente foi electo procurador tras un accidentado proceso⁶⁷. Coa elección de Fernando Miranda y Olmedilla demostrábase unha vez máis, que a propiedade era un factor esencial de participación. En efecto, Miranda era un fidalgo propietario da casa de Lagariños, na Peroxa (partido de Taboada en Chantada), casa fidalga que fora fundada na segunda metade do século XVI⁶⁸; anque o centro das súas propiedades estivera no partido de Taboada, Miranda y Olmedilla tiña a súa veciñanza en Ribadeo, partido polo que xa fora nomeado elector, lémbrese que precisamente a condición de Miranda como adxunto maior contribuínte fora cuestionada en Ribadeo, ao ter os seus bens fóra do partido. En calquer caso, de novo outro importante propietario se sumaba á representación lucense en Cortes. Ora ben, se na súa podente situación económica si se parecía Miranda y Olmedilla aos procuradores electos até o momento, non vai ocorrer o mesmo coa tendencia política que vai adoptar. En efecto, Miranda y Olmedilla situarase entre os sectores progresistas do Estamento de Procuradores, e, xa que logo, na oposición ao Gabinete Martínez de la Rosa. Como correspondía ao seu talante progresista Miranda y Olmedilla era comandante da Milicia Urbana de Ribadeo⁶⁹; a súa actuación nas Cortes reflectiría as súas posicións liberais avanzadas:

“Que pregunten en Ribadeo y dirán si es valiente, patriota a toda prueba, y progresista sin fin. Pues en las Córtes no ha probado menos su decision liberal; porque si bien recitó pocas arengillas de coro, al dar el sufragio, al firmar pedidos, al asistir á las juntas y al prestarle á todo lo mejor, nadie se le puso delante. Con diez gallegos como de este jaez y otros tantos catalanes, otro hubiera sido el gallo que nos cantara en 1834. Gordo, recolorado y caribobo como persona; desgarrado en cuerpo y traje como gallego”⁷⁰.

Miranda y Olmedilla seguirá militando no liberalismo avanzado de cara ao futuro, de tal xeito que o seu nome estará desde este momento vencellado ao progresismo lucense. Porén, Miranda non só defendeu as súas ideas coas palabras, senón tamén coas

⁶⁶ VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel: *Fortalezas de Lugo y su provincia*, tomo III, Lugo: La Voz de la Verdad, 1962, p. 184.

⁶⁷ ACD. Serie Electoral. Legajo 10, n.º 27.

⁶⁸ VILLARES, Ramón: *Foros, frades...* Op. Cit., p. 107; do mesmo autor *Vid. La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: Siglo XXI, 1982, pp. 91 e ss.

⁶⁹ GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia...* Op. Cit., p. 62.

⁷⁰ *Fisonomía natural y política...* Op. Cit., pp. 92-93.

armas na man. Como membro da Milicia Urbana loitou decididamente para defender Ribadeo das partidas carlistas; sería precisamente nun enfrontamento cunha gavilla facciosa, perto de Viveiro, cando Miranda y Olmedilla atoparía a morte no 1839⁷¹.

O quinto e último escrutinio dilucidaríase outra vez por maioría absoluta, nel sería electo como procurador unha das glorias do liberalismo lucense: José Ramón Becerra y Llamas. Naceu este persoeiro en Santiago de Galegos (Navia de Suarna) o 13 de outubro do 1775; polo que se refire á súa extracción social podemos dicir que non difería dos procuradores electos até o momento, xa que Becerra era un fidalgo con importantes propiedades en Santiago de Galegos, Tebaille e Sistallo, anque tiña fixada a súa residencia na cidade de Lugo. José Ramón Becerra fora elixido deputado para as Cortes de Cádiz, e como tal foi un dos deputados galegos que asinaron a Constitución do 1812; coa restauración do absolutismo no 1814 regresou ás súas propiedades galegas. Cando no 1820 se restableceu o sistema constitucional, Becerra foi novamente electo como deputado, desenvolvendo unha importante actividade política durante o Trienio Liberal⁷². No 1823 prodúcese unha nova reacción absolutista que obrigou a moitos liberais a seguir o camiño do exilio; neste senso, non podemos asegurar con certeza que Becerra tivera que emigrar, mais a desculpa que enviou en setembro do 1834 ao Estamento de Procuradores para non se presentar en Madrid, fainos crer que si se exiliou; así Becerra afirma que non acode ás Cortes “por hallarse arreglando sus negocios domésticos desorganizados por causa de su dilatada emigración”⁷³. En carquer caso, o seu curriculum político pasado, máis a súa condición de propietario, convertíano nun representante axeitado para a provincia de Lugo. José Ramón Becerra situarase no Estamento popular a carón dos elementos avanzados e en oposición ao Goberno, como era de agardar do seu brillante pasado liberal: “Basta mirarle para convencerse que aquella persona gallarda y venerable tiene buena pasta, un alma bella y un patriotismo puro”⁷⁴. En efecto, se denantes afirmamos que Moscoso de Altamira será a cabeza dos moderados lucenses, agora podemos dicir que José Ramón Becerra será o principal dirixente dos progresistas na provincia de Lugo, hexemonizando a súa representación cando os moderados vexan decaer a súa estrela. O talante avanzado de Becerra sería seguido polo seu fillo: Manuel Becerra, que tamén ocuparía un posto destacado entre os

⁷¹ LANZA ÁLVAREZ, Francisco: *Ribadeo Antigo*, A Coruña: Ediciones del Castro, 1973, pp. 348-349.

⁷² GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio. *El reinado de Isabel II en Galicia...* Op. Cit., p. 58.

⁷³ *Gaceta de Madrid*, 7-IX-1834 (Suplemento).

⁷⁴ *Fisonomía natural y política...* Op. Cit., p. 92.

progresitas lucenses: Manuel Becerra y Llamas foi estudante na Universidade de Santiago de Compostela arredor dos anos 1821-1823, cursando “Instituciones Canónicas”, continuaba Manuel Becerra os seus estudos na Universidade compostelá logo de ter pasado previamente pola Universidade de Valladolid⁷⁵. Manuel Becerra y Llamas formará parte da Xunta creada na cidade de Lugo en abril do 1846, xurdida tras o pronunciamento de Solís na cidade das murallas. Cómpre non confundir a este personaxe con outro lucense tamén destacado pola súa actividade política: Manuel Becerra Bermúdez, progresista e demócrata que obterá grande relevancia política tras a Revolución do 1868⁷⁶.

Unha vez coñecidos polo miúdo cada un dos procuradores electos, cómpre agora dar unha visión de conxunto da representación lucense no Estamento de Procuradores. Todos os elixidos pertencían á fidalguía, sen dúbida, o grupo social máis influínte na Galiza do Antigo Réxime; destacaba esta clase pola súa importante propiedade territorial, anque mellor sería dicir pola cuantiosa percepción de rendas. En efecto, a importante posición económica da fidalguía devíña da súa situación intermediaria entre os mosteiros galegos, os grandes propietarios eminentes da terra, e os labregos, traballadores directos da mesma. Os fidalgos acadaron dos mosteiros a concesión de cartas forais sobor de importantes propiedades, ocupándose máis tarde de subforalas aos campesiños, situándose deste xeito como unha clase rendista por excelencia⁷⁷. Ao logo da Idade Moderna a fidalguía foi afortalando a súa posición económica, chegando á etapa de construción do Estado liberal como o grupo social galego máis potente. Como sabemos, o réxime político do Estatuto Real creaba un sistema representativo onde propiedade xogaba un papel de primeira orde; así non é extraño que foran elementos fidalgos os que hexemonizaran esta primeira representación lucense en Cortes, xa que eran os que posuían os medios económicos necesarios para optar á elección. Pero a fidalguía non posuía só un importante poder económico, senón que tamén tiña unha destacada influencia moral sobor da sociedade, os fidalgos eran recoñecidos como os *señores naturais*, preparados para seren os voceiros das

⁷⁵ AHUS. SECCIÓN: Expedientes persoais. Cartafol 121.

⁷⁶ RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Luis: *Manuel Becerra. Ministro das colonias*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1998, pp. 8-9.

⁷⁷ VILLARES, Ramón: *La propiedad de la tierra...* Op. Cit., pp. 81-82; do mesmo autor *Vid. Foros, frades...* Op. Cit., 111-113.

necesidades da comunidade⁷⁸; velaquí outra razón para que a fidalguía hexemonizara a representación política nesta época. Para comprender este influxo da fidalguía temos que lembrar tamén como se consolidou en España o Estado liberal, non sobre bases rupturistas, senón mediante o pacto e o consenso entre os sectores e hexemónicos do Antigo Réxime, que conservan o seu poder económico (aunque non os privilexios sociais) e a alta burguesía ascendente⁷⁹. Así, o sistema político resultante estaba dominado pola elite da sociedade, que tiña na propiedade e na orde as características esenciais do seu programa. En Galiza (e tamén na provincia de Lugo) eran os sectores fidalgos os que mellor estaban preparados para asumir os ideais dunha representación censitaria, e, aunque unha parte da fidalguía escolleu apoiar ao bando carlista, temendo que o liberalismo rematase coas bases do seu poder económico (léase sistema foral), outra parte da fidalguía non rexeitou participar nun réxime moderado que tiña como principios fundamentais a defensa da orde e da propiedade, e que ademais fuxía de toda alteración revolucionaria.

Os procuradores lucenses nas primeiras Cortes do Estatuto representaban, xa que logo, á elite da sociedade, tanto en poder económico como en influencia social. Ora ben, os resultados das eleccións en Lugo non supuñan unha excepción, senón que reproducían o que aconteceu a nivel español, de tal xeito que no Estatuto de Procuradores estarían representados os sectores máis podentes da sociedade, independentemente das diferentes profesións unha palabra definía aos electos: a propiedade⁸⁰. A maioría de procuradores moderados, fideis ao Goberno Martínez de la

⁷⁸ ROMANELLI, Raffaele: “Sistemas electorales y estructuras sociales. El siglo XIX europeo”, en FORNER, Salvador (Coord.): *Democracia, elecciones y modernización en Europa. Siglos XIX y XX*, Madrid: Cátedra, 1997, pp. 23-46. Para este autor “...la representación “individualista-censitaria”, aunque medida en términos anónimos e igualitarios (el nivel monetario de los impuestos) refleja la estructura “orgánica” de las sociedades de la época que están fuertemente enraizadas sobre el territorio y en los cuales los representantes son idealmente los dirigentes reconocidos y “naturales” de la comunidad”, p. 32. Do mesmo autor pódese ver tamén: “A propósito de la burguesía. El problema de la élite terrateniente en la Italia del Ochocientos”, *Ayer*, n.º 2, 1991, pp. 29-48.

⁷⁹ RUÍZ TORRES, Pedro: “Aristocracia e Revolución Liberal em Espanha”, *Penélope*, n.º 12, 1993, pp. 101-117. Afirma este autor: “...o poder que a nobreza conservou no século XIX é una consecuencia da moderación de que a revolución fez gala. A nobreza manteve um grande poder económico porque conservou o fundamental do seu patrimonio, isto é, a propiedade da terra. A revolución destruiu os fundamentos jurídicos da antiga preeminencia “estamental”, mas só cerceou um poder económico que procedía principalmente da sua condição de grandes propietarios”, p. 102.

⁸⁰ Así, se verifica noutros casos estudiaados: BURDIEL, Isabel: *La política de los notables...* Op. Cit., p. 71; esta autora amosa como a representación da provincia de Valencia para as primeiras Cortes do Estatuto estaba dominada por propietarios solventes e rendistas. AGUILAR GAVILÁN, Enrique: *Vida política...* Op. Cit., pp. 42-43; este autor demostra como a totalidade dos componentes da Xunta electoral da provincia de Córdoba tiñan en común a súa pertenza aos estratos máis elevados da sociedade, aristócratas, eclesiásticos, militares e avogados, todos posuían a condición de propietarios.

Rosa, que atopamos na provincia de Lugo, reproduciría a configuración do primeiro Estamento de Procuradores. En efecto, as discusións na Cámara popular contribuirían a pór as bases das tendencias moderada e progresista en que se dividiría definitivamente o liberalismo español⁸¹. Outra circunstancia a constatar destes primeiros comicios foi a escasa entidade do corpo electoral. En efecto, para a provincia de Lugo estímase en arredor das 222 persoas as que participaron no proceso electoral. Tal escaso número supuña unha pequena porcentaxe a respecto da poboación que daquela tiña a provincia, tan só o 0'062 %, cifra que mesmo ficaba por debaixo do 0'15 % de votantes a nivel español, pero que si supuña un incremento a respecto da porcentaxe de participantes no partido de Lugo (0'053 %)⁸².

5. CONCLUSIÓN

O réxime do Estatuto Real (1834-1836) foi o primeiro resultado do pacto entre os reformistas do Antigo Réxime e o liberalismo moderado, consenso que permitiu asentar en España o Estado liberal. O sistema do Estatuto deseñaba un modelo bicameral, onde unha das Cámaras – o Estamento de Procuradores – sería electa por sufraxio.

Ora ben, a regulamentación electoral do Estatuto Real fixaba un sistema rixidamente censitario, no cal a propiedade era a chave de toda a participación política. Tendo en conta os elevados criterios censitarios esixidos, podemos plantexarnos a seguinte pregunta: ¿sería posíbel unha renovación da elite dominante na provincia de Lugo a respecto da anterior etapa absolutista? Os resultados do estudio das primeiras eleccións do Estatuto Real nesta provincia (xuño do 1834) indican que non. Xa que logo, a representación lucense nas primeiras Cortes do Estatuto Real estivo integrada por importantes propietarios, que ademais pertencían a un grupo social ben definido: a fidalguía. Neste senso, podemos atopar unha clara continuidade coas anteriores elites dominantes; pois, sen dúbida, a fidalguía foi unha das clases sociais máis destacadas do Antigo Réxime en Galiza, exercendo unha *representación natural* da sociedade; representación que agora vai continuar; podemos falar, pois, dunha adaptación da vella elite directora da provincia de Lugo ás novas esixencias do Estado liberal. Porén, esta continuidade proxectase tamén cara o futuro, pois durante a época do Estatuto Real

CABALLERO, Margarita: *El sufragio censitario...* Op. Cit., p. 37; constata para o caso da provincia de Soria a elección para o primeira Estamento de Procuradores da elite da sociedade provincial.

⁸¹ TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: *El sistema político...* Op. Cit., p. 439.

⁸² Ibidem, p. 431; segue este autor os datos publicados por Fermín Caballero no xornal *Eco del Comercio* do 10-XI-1835.

saltan á vida pública personaxes que terán un claro protagonismo na vida política da provincia de Lugo; sinalamos como exemplos os casos de José María Pardo Montenegro, Juan Diego Osorio y Pardo ou José María Castro Bolaño, como electores da Xunta provincial de Lugo; ou Manuel Vázquez Queipo, elixido procurador e que manterá a súa presenza política no futuro. Por outra parte, na representación lucense das primeiras eleccións do Estatuto Real tamén atoparemos a individuos que xa posuían unha bagaxe política anterior, durante os pasados periodos constitucionais; os casos de José María Moscoso de Altamira, do lado moderado e de José Ramón Becerra, no bando progresista, serían significativos neste aspecto.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- AGUILAR GAVILÁN, Enrique: *Vida política y procesos electorales en la Córdoba isabelina (1834-1868)*, Córdoba: Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba, 1991.
- BURDIEL, Isabel: *La política de los notables. Moderados y avanzados durante el régimen del Estatuto Real (1834-1836)*, Valencia: Edicions Alfons el Magnànim, 1987.
- CARR, Raimond: *España 1808-1936*, Barcelona: Ariel, 1970.
- CABALLERO, Margarita: *El sufragio censitario. Elecciones Generales en Soria durante el reinado de Isabel II*, Soria: Junta de Castilla y León, 1994.
- COMELLAS, José Luis: *Isabel II. Una reina y un reinado*, Barcelona: Ariel, 1999.
- ESTRADA SÁNCHEZ, Manuel: "El enfrentamiento entre doceñistas y moderados por la cuestión electoral (1834-1836)", *Revista de Estudios Políticos* (Nueva Época), n.º 100, abril-xuño, 1998, pp. 241-272.
- *Fisonomía natural y política de los Procuradores en las Cortes de 1834, 1835 y 1836*, Madrid, 1836.
- FONTANA, Josep: *La crisis del Antigua Régimen, 1808-1833*, Barcelona: Crítica, 1979.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *El reinado de Isabel II en Galicia. La Regencia de María Cristina. Moderados, progresistas y carlistas*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, 1984.

- JOVER, José María: "Sociedad y Estado en tiempo del Estatuto Real", *Revista Internacional de Sociología*, núms. 107-108, xullo-decembro, 1969, pp. 45-71.
- LANZA ÁLVAREZ, Francisco: *Ribadeo Antigo*, A Coruña: Ediciones del Castro, 1973.
- MARICHAL, Carlos: *La revolución liberal y los primeros partidos políticos en España, 1834-1844*, Madrid: Cátedra, 1980.
- MOSSE, George L.: *La cultura europea del siglo XIX*, Barcelona: Ariel, 1997.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Luis: *Manuel Becerra. Ministro das colonias*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, 1998.
- ROMANELLI, Raffaele: "A propósito de la burguesía. El problema de la élite terrateniente en la Italia del Ochocientos", *Ayer*, n.º 2, 1991, pp. 29-48.
- _ "Sistemas electorales y estructuras sociales. El siglo XIX europeo", en FORNER, Salvador (Coord.): *Democracia, elecciones y modernización en Europa. Siglos XIX y XX*, Madrid: Cátedra, 1997, pp. 23-46.
- RUÍZ TORRES, Pedro: "Aristocracia e Revoluçao Liberal em Espanha", *Penélope*, n.º 12, 1993, pp. 101-107.
- TOMÁS VILLARROYA, Joaquín: "La redacción y publicación del Estatuto Real", *Revista de Estudios Políticos*, n.º 145, xaneiro-febreiro, 1966, pp. 47-78.
- _ *El sistema político del Estatuto Real (1834-1836)*, Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1968.
- _ *Breve historia del constitucionalismo español*, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1981.
- ULL PONT, E.: "El sufragio censitario en el derecho electoral español, I", *Revista de Estudios Políticos*, n.º 194, marzo-abril, 1974, pp. 125-169.
- VARELA-SUANZES, Joaquín: "El pensamiento constitucional español en el exilio: el abandono del modelo doceañista (1823-1833)", *Revista de Estudios Políticos* (Nueva Época), n.º 88, abril-xuño, 1995, pp. 63-90.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel: *Fortalezas de Lugo y su provincia*, varios volumes, Lugo: La Voz de la Verdad, 1962.
- VEIGA ALONSO, Xosé Ramón: *O Conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908*, Lugo: Deputación Provincial, 1999.

- VILLARES, Ramón: *Foros, frades e fidalgos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982.
- _ *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: Siglo XXI, 1982.
- _ *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo: A Nosa Terra, 1994.

Prudencio Vivero Mogo. Bolseiro predoutoral da Xunta de Galicia no Departamento de Historia Contemporánea e de América (Facultade de Xeografía e Historia). Universidade de Santiago de Compostela.

DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información simétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
2. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información asimétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
3. *Modelos empíricos de oligopolio: una revisión.* (María Consuelo Pazó Martínez).
4. *El Análisis económico de los procesos de urbanización.* (Olga Alonso Villar).
5. *Optimal Tariffs When Production is fixed.* (José Méndez Naya; Luciano Méndez Naya).
6. *Reglas de clasificación discriminante: aplicación a la vivienda.* (Raquel Arévalo Tomé).
7. *Estructura demográfica y sistemas de pensiones. Un análisis de equilibrio general aplicado a la economía española.* (María Montero Muñoz).
8. *Spatial distribution of production and education.* (Olga Alonso-Villar).
9. *Diferencias salariales y comportamiento no competitivo en el mercado de trabajo en la industria española.* (Víctor Manuel Montuenga, Andrés E. Romeu Santana, Melchor Fernández Fernández).
10. *GPs' Payment Contracts and their Referral Policy.* (Begoña García Mariñoso and Izabela Jelovac)
11. *Una nueva matriz de contabilidad social para España: la SAM-90.* (Melchor Fernández y Clemente Polo)
12. *Money and Business Cycle in a Small Open Economy.* (Eduardo L. Giménez y José María Martín-Moreno).
13. *Endogenous Growth With Technological Change: A Model Based On R&D Expenditure.* (M^a Jesús Freire-Serén).
14. *Productive Public Spending In A Balassa-Samuelson Model Of Dual Inflation.* (José María Martín-Moreno y Jorge Blázquez).
15. *Efficient Allocation of Land between Productive Use and Recreational Use.* (Eduardo L. Giménez, Manuel González Gómez).
16. *Functional Forms, Sampling Considerations And Estimation Of Demand For Protected Natural Areas: The Cies Islands Case Study In Galicia (Spain).* (Manuel González Gómez, Philippe Polomé Y Albino Prada Blanco).

ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

1. *Economía de Mercado e Autoxestión: Sociedades Anónimas Laborais do Sector Industrial en Galicia.* (Xosé Henrique Vazquez Vicente).
2. *Fecundidade e Actividade en Galicia, 1970-1993.* (Xoaquín Fernández Leiceaga.)
3. *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia.* (Xoaquín Álvarez Corbacho).
4. *A industria conserveira: Análise económica dunha industria estratéxica en Galicia. 1996.* (José Ramón García González).
5. *A contabilización física dos fluxos de enerxía e materiais.* (Xoan Ramón Doldán García).
6. *Indicadores económico-financieros estratificados do sector industrial conserveiro en Galicia. 1993-1996.* (José Ramón García González).
7. *A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
8. *O benestar-renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
9. *El fraccionamiento del periodo impositivo en el IRPF Español y la decisión temporal de casarse.* (Jaime Alonso, Xose C. Álvarez, Xose M. González e Daniel Miles)

ÁREA DE HISTORIA:

1. *Aproximación ao crédito na Galiza do S. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla.* (Francisco Xabier Meilán Arroyo)
2. *Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal.* (Carmen Espido Bello).
3. *Pensamento económico e agrarismo na primeira metade do século XX.* (Miguel Cabo Villaverde).
4. *Civilizar o corpo e modernizar a vida: ximnasia, sport e mentalidade burguesa na fin dun século. Galicia 1875-1900.* (Andrés Domínguez Almansa).
5. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* (Guillermo Marquez Cruz).
6. *Perfil do propietario innovador na Galicia do século XIX. Historia dun desencontro.* (Xosé R. Veiga Alonso).
7. *Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.* (Antonio Bernardez Sobreira).
8. *Los estudios electorales en Galicia: Una revisión bibliográfica (1876-1997).* (Ignacio Lago Peñas).
9. *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural. Carballo, 1880-1936.* (Silvia Riego Rama).
10. *As Primeiras Eleccións do Estatuto Real na Provincia de Lugo.* (Prudencio Vivero Mogo).

ÁREA DE XEOGRAFÍA:

1. *A industria da lousa.* (Xosé Antón Rodríguez González; Xosé M^a San Román Rodríguez).
2. *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* (Jesús M. González Pérez; José Somoza Medina).
3. *Estructura urbana da cidade da Coruña, os barrios residenciais: o espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria.* (M^a José Piñeira Mantiñán; Luis Alfonso Escudero Gómez).
4. *As vilas e a organización do espacio en Galicia.* (Román Rodríguez González).
5. *O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia.* (Alejandro López González).
6. *A mortalidade infantil no noroeste portugués nos finais do século XX.* (Paula Cristina Almeida Remoaldo).
7. *O casco histórico de Santiago de Compostela, características demográficas e morfolóxicas.* (José Antonio Aldrey Vázquez; José Formigo Couceiro).
8. *Mobilidade e planificación urbana en santiago de compostela: cara a un sistema de transportes sustentable.* (Miguel Pazos Otón).
9. *A produción de espacio turístico e de ocio na marxe norte da ría de pontevedra.* (Carlos Alberto Patiño Romarís)

ÁREA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN

1. *Estudio Comparativo das Bases de Datos: Science Citation Index, Biological Abstracts, Current contents, Life Science, Medline.* (Margarida Andrade García; Ana María Andrade García; Begoña Domínguez Dovalo)
2. *Análise de satisfacción de usuarios cos servicios bibliotecarios da Universidade na Facultade de Filosofía e CC. da Educación de Santiago.* (Ana Menéndez Rodríguez; Olga Otero Tovar; José Vázquez Montero).

❖ *Tódolos exemplares están dispoñibles na biblioteca do IDEGA, así como na páxina WEB do Instituto (<http://www.usc.es/idega/>)*

NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s, correo electrónico e institución/s ás que pertence o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado 1,5 con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word(Office 97) para Windows 9x, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.